

El Progreso, domingo, 25 de febrero de 2001

Non se modifica a dose, a frecuencia nin o tipo desta sustancia a inxectar

# Os viais de insulina para enfermos de diabetes cámbianse o día 28

REDACCIÓN

O Ministerio de Sanidade obedecendo as recomendacións realizadas pola OMS e a Federación Internacional de Diabetes, ven de acordar que, o vindeiro 28 de febreiro, se substitúan os viais de insulina de 40 unidades internacionais por mililitro, polos de concentración de 100 unidades internacionais de mililitro e as correspondentes xeringas graduadas para a súa administración.

Así, a Consellería de Sanidade ven de establecer as actuacións necesarias para a coordinación de tódolos profesionais sanitarios implicados, coa fin de garantir a correcta implantación do cambio.

Esta conversión só afecta ás persoas diabéticas que utilizan viais de insulina de 40 UI/ml, e non a aquelas que utilizan outros sistemas de administración (plumas, cartuchos), xa que estes dispositivos utilizan insulina de 100 UI/ml.

Polo tanto, a partir do día 28 de febreiro do presente ano, as persoas diabéticas a tratamento con viais de insulina só atoparán insulina en viais de 100 UI/ml e as súas correspondentes xeringas graduadas para esa medida.

As persoas con diabetes deben ter presente que este cambio de concentración dos viais de

insulina non modifica, en ningún caso, a dose prescrita (número de unidades), nin a frecuencia da administración, nin o tipo e a marca de insulina que debe inxectarse.

□ **VENTAXAS.** Este cambio supón tres claras ventaxas para o paciente. A primeira delas é a disponibilidad de insulinas de igual concentración en calquera

país da Unión Europea. A segunda das ventaxas é o menor volumen de inxección para as mesmas unidades, diminuindo a dor asociada, e, en terceiro lugar, o menor volumen de inxección conleva unha maior duración de cada envase de insulina.

Un aspecto moi importante para conseguir esta correcta implantación do cambio é que tódolos axentes implicados se ato-

pen informados.

Neste senso, levouse a cabo unha ampla campaña informativa, dirixida ós profesionais sanitarios implicados no proceso asistencial do paciente diabético, así como ó público en xeral, e, en especial, ós diabéticos a tratamento con viais de insulina. A información subministrada a estes pacientes foi levada a cabo polos diferentes profesionais sanitarios (médico especialista, médico de atención primaria, farmacéutico, persoal de enfermería) e consistiu nunhas instrucións acompañadas da entrega de documentación (folletos explicativos...), elaborada polo Ministerio de Sanidade, que inclúe os aspectos a ter en conta polos diferentes axentes implicados no cambio.

Neste proceso informativo, ó paciente diabético se lle fixo especial incidencia en que non posúa ó mesmo tempo no seu domicilio material de 40 UI/ml e material de 100 UI/ml, para evitar posibles confusións.

Así, a partir do día 28 de febreiro, todos aqueles viais de 40 UI/ml (utilizados e sen utilizar) que teñan sobrantes o paciente no seu domicilio, deberá levalos a súa oficina de farmacia no momento de adquirir unha nova receita, e no caso das xeringas que utilizaba con eses viais, deberá levalos o seu centro de saúde.



Un neno sométese á proba da diabetes nun posto na rúa

AEP